



Datos Do Expediente:

PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
 GOB/2025/42	 GOB19I00BP	
073Q 155K 6H1J 4O6Q 1EGA 		

DON ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral do CONCELLO DE NARÓN

CERTIFICA: Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e catro de abril de dous mil vinte e cinco, adoptou entre outros, o acordo seguinte:

7 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN SOBRE A PROTECCIÓN E TENZA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa da Sección de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medio Ambiente, que transcrito literalmente di:

“INFORME PROPOSTA

Á vista da evolución que a nosa sociedade está a experimentar en relación coas demandas dos propietarios dos animais de compañía e ás súas necesidades, en concreto no relativo ao espaxamento.

Considerando a posibilidade de realizar un cambio normativo puntual na Ordenanza municipal do Concello de Narón sobre a protección e tenza de animais de compañía e de animais potencialmente perigosos (BOP núm. 208, do 31.10.2018), coa finalidade de facultar a flexibilización das condicións nas que os propietarios dos animais poden gozar do espazo público.

Vista a regulación actual sobre esta cuestión, contida nos artigos 9 e 17.1 k) e s) da Ordenanza municipal actualmente en vigor que, literalmente din:

ARTIGO 9 (CONDICIÓNS DOS ANIMAIS NA VÍA E NOS ESPAZOS PÚBLICOS)

- Na vía e espazos públicos, os cans deben ir atados por medio dun collar e unha correa que non ocasione lesións ao animal.*
- Para a condución de cans potencialmente perigosos pola vía pública deberán cumprirse as seguintes condicións adicionais cando circulen pola vía e os espazos públicos:*
 - a) O animal deberá levar un bozo apropiado á tipoloxía racial do mesmo.*
 - b) O animal deberá ir atado por medio dun collar e unha correa que non sexa extensible e de lonxitude inferior a 2 metros, e que non ocasione lesións ao mesmo.*

- c) O animal deberá ser conducido por unha persoa en posesión da licenza de tenza de animais potencialmente perigosos.
- d) Non se poderá conducir máis dun can potencialmente perigoso por persoa.
3. Deben recollese inmediatamente as deposicións realizadas polos animais na vía pública, en zonas verdes e en xeral, en calquera lugar destinado ao tránsito de peóns, e introducilas de xeito hixiénico dentro de bolsas axeitadas, e depositalos nos colectores ou nos lugares que a Administración municipal destine expresamente para ese efecto. Debe procederse á inmediata limpeza dos elementos afectados. Esta obriga non será aplicable ás deposicións dos cans guía ou lazarillos que guíen a persoas invidentes.
4. A maiores das prohibicións detalladas no artigo 7. Está prohibido:
- a) O adestramento na vía pública de cans para as actividades de ataque, defensa, garda e similares.
- b) As miccións nas fachadas dos edificios e naquel mobiliario urbano destinado ao uso por parte dos peóns como son bancos, marquesiñas de transporte público e fontes públicas. Exclúense desta limitación os farois ou elementos de iluminación pública.
- c) Utilizar en calquera elemento das fachadas, na vía pública e espazos privados de uso público, produtos que polas súas características de perigosidade poidan causar calquera tipo de dano a persoas ou animais. En concreto, prohibese o uso de xofre nos anteditos espazos para evitar as miccións dos animais.
5. O Concello habilitará espazos dirixidos expresamente ós animais de compañía domésticos como son os parques caninos.
6. Ademais, o Concello poderá regular e delimitar as áreas e espazos onde os cans, que non teñan a consideración de potencialmente perigosos, poderán ir ceibos, aínda que supervisados en todo momento polos seus propietarios, e sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos.
- a. Será requisito obrigatorio para gozar da excepción de conducir o can con correa que o dono e o can contén cunha acreditación de ter superado con éxito o Programa Cidadán Canino Exemplar, de tal forma que o propietario do can sexa un dono e guía responsable e estea en posesión da certificación que acredite que o can posúe a educación e o comportamento social adecuado para manter unha convivencia adecuada e ser membros fiables e educados no entorno familiar e das cidades onde habiten.
- b. A requirimento dun axente da autoridade deberase mostrar a acreditación sinalada no apartado anterior, constituíndo unha infracción leve a esta ordenanza non mostrala.
- c. A comisión dunha infracción desta ordenanza ou da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, sancionada por resolución firme suporá a perda do dereito a gozar desta condición.

d. *A delimitación destas áreas poderá incluír delimitacións horarias se así se considerase conveniente para garantir o gozo do espazo público por parte da cidadanía en xeral.*

e. *A falta dunha regulación específica na materia, serán validos as certificacións dos programas de bo cidadán canino que cumpran os seguintes requisitos:*

I. *Estean deseñados de forma homoxénea e estandarizada.*

II. *Conten cun programa de auditoría e/ou control que garanten estes aspectos.*

III. *Que estean amparados por unha entidade e/ou asociación profesional de carácter autonómico, estatal e/ou internacional ou pola normativa sectorial.*

IV. *Aos efectos de poder levar os cans ceibos polas áreas ou espazos previamente delimitados, as certificacións terán unha validez de 5 anos. Transcorrido o dito prazo, deberán renovarse co gallo de acreditar que se seguen a cumprir os mesmos requisitos.*

e

ARTIGO 17.1 (INFRACCIÓNS)

(...)

1.- INFRACCIÓNS LEVES

(...)

k. *Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou aos espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.*

(...)

s. *Non mostrar a acreditación sinalada no artigo 9.6.a) cando sexa requirida por un axente da autoridade ou incumprir calquera outra obriga derivada do establecido no dito artigo 9.6. Non obstante, levar o can solto fóra dos horarios ou zonas establecidas terá a consideración de infracción leve tipificada no artigo 17.1.k), aínda que se posúa a acreditación referida no artigo 9.6..a).*

A Xefa de Sección de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medio Ambiente, propón ao Concelleiro Delegado pola Alcaldía para os asuntos de Medio Ambiente, someta a ditame da Xunta de Portavoces os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a modificación da dicción actual do apartado 6 do Artigo 9 da Ordenanza e incluír un novo apartado 7 no devandito precepto, coa seguinte redacción:

ARTIGO 9

(...)

6. *Ademais, o Concello poderá delimitar e regular o uso das áreas e espazos abertos onde os cans, que non teñan a consideración de potencialmente perigosos, poderán ir ceibos, aínda que supervisados en todo momento polos seus propietarios, de acordo coas seguintes condicións:*

a) *En consonancia coas competencias establecidas na lexislación autonómica de benestar animal, corresponde a Autoridade municipal a delimitación e regulación do réxime de uso das devanditas áreas. A súa determinación efectuarase por resolución da alcaldía, previa emisión dos informes dos servizos municipais que se estimen precisos, a fin de garantir o mantemento das zonas propostas, a seguridade pública e viaria e o benestar animal. Estes servizos municipais deberán comunicar á alcaldía calquera incidencia que poida dar lugar a deixar sen efecto tales delimitacións.*

b) *Para garantir o gozo do espazo público por parte da cidadanía en xeral, a delimitación destas áreas sinalizadas determinará así mesmo a fixación de limitacións horarias precisas, que haberán de resultar de público coñecemento e difusión, a fin de garantir que todas as persoas usuarias destes espazos sexan coñecedoras das novas condicións de uso.*

c) *A comisión de calquera das infraccións previstas nesta ordenanza ou na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, sancionada por resolución firme, suporá a perda do dereito a gozar de levar o can ceibo por parte do infractor. No suposto de incumprimento, levar o can ceibo nestas zonas delimitadas considerárase unha infracción, a cuxo fin elevarase o expediente que se substancie ao organismo competente da administración autonómica. En calquera suposto, o dereito a gozar de levar o can ceibo non suporá en ningún caso permitir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, o que seguirá sendo constitutivo de infracción.*

7. *Nos espazos sinalados no apartado 6 deste artigo, e coa finalidade de premiar e potenciar as condutas cívicas exemplares (propietarios e cans que contén cunha acreditación de ter superado con éxito o Programa Cidadán Canino Exemplar; isto é propietarios de cans donos e guías responsables en posesión da certificación que acredite que o can posúe a educación e o comportamento social adecuado para manter unha convivencia adecuada e ser membros fiables e educados no entorno familiar e das cidades onde habiten), poderán gozar do uso desas zonas sen limitación horaria, sendo requisitos adicionais os seguintes:*

a) *A requirimento dun axente da autoridade deberase mostrar a acreditación sinalada no apartado anterior, constituíndo unha infracción leve a esta ordenanza non mostrala.*

b) *A comisión dunha infracción desta ordenanza ou da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, sancionada por resolución firme suporá a perda do dereito a gozar desta condición.*

c) *A falta dunha regulación específica na materia, serán válidos as certificacións dos programas de bo cidadán canino que cumpran os seguintes requisitos:*

1) *Estean deseñados de forma homoxénea e estandarizada.*

2) *Contén cun programa de auditoría e/ou control que garanten estes aspectos.*

3) *Que estean amparados por unha entidade e/ou asociación profesional de carácter autonómico, estatal e/ou internacional ou pola normativa sectorial.*

4) *Aos efectos de poder levar os cans ceibos polas áreas ou espazos previamente delimitados, as certificacións terán unha validez de 5 anos. Transcorrido o dito*

prazo, deberán renovarse co gallo de acreditar que se seguen a cumprir os mesmos requisitos.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación da actual dicción dos apartados k) e s) do apartado 1 do artigo 17 da Ordenanza, coa seguinte redacción:

ARTIGO 17

(...)

17.1

k) Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou aos espazos públicos ou privados (agás naqueles lugares públicos onde devandito acceso estea autorizado de acordo co sinalado nesta ordenanza); así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, así como non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.

(...)

s) Non mostrar a acreditación sinalada no artigo 9.7 cando sexa requirida por un axente da autoridade.

TERCEIRO.- Excluir esta modificación do Plan normativo do Concello por regular un aspecto parcial desta materia.

CUARTO.- Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. ”

E visto o ditame favorable por maioría, con 2 votos a favor de TEGA, 1 en contra do PP e 1 abstención do PSdeG-PSOE da Xunta de Portavoces do 21 de abril deste ano, a súa presidenta propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da dicción actual do apartado 6 do Artigo 9 da Ordenanza e incluír un novo apartado 7 no devandito precepto, coa seguinte redacción:

ARTIGO 9

(...)

6. Ademais, o Concello poderá delimitar e regular o uso das áreas e espazos abertos onde os cans, que non teñan a consideración de potencialmente perigosos, poderán ir ceibos, aínda que supervisados en todo momento polos seus propietarios, de acordo coas seguintes condicións:

a) En consonancia coas competencias establecidas na lexislación autonómica de benestar animal, corresponde a Autoridade municipal a delimitación e regulación do

réxime de uso das devanditas áreas. A súa determinación efectuarase por resolución da alcaldía, previa emisión dos informes dos servizos municipais que se estimen precisos, a fin de garantir o mantemento das zonas propostas, a seguridade pública e viaria e o benestar animal. Estes servizos municipais deberán comunicar á alcaldía calquera incidencia que poida dar lugar a deixar sen efecto tales delimitacións.

b) Para garantir o gozo do espazo público por parte da cidadanía en xeral, a delimitación destas áreas sinalizadas determinará así mesmo a fixación de limitacións horarias precisas, que haberán de resultar de público coñecemento e difusión, a fin de garantir que todas as persoas usuarias destes espazos sexan coñecedoras das novas condicións de uso.

c) A comisión de calquera das infraccións previstas nesta ordenanza ou na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, sancionada por resolución firme, suporá a perda do dereito a gozar de levar o can ceibo por parte do infractor. No suposto de incumprimento, levar o can ceibo nestas zonas delimitadas considerárase unha infracción, a cuxo fin elevarase o expediente que se substancie ao organismo competente da administración autonómica. En calquera suposto, o dereito a gozar de levar o can ceibo non suporá en ningún caso permitir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, o que seguirá sendo constitutivo de infracción.

7. Nos espazos sinalados no apartado 6 deste artigo, e coa finalidade de premiar e potenciar as condutas cívicas exemplares (propietarios e cans que contén cunha acreditación de ter superado con éxito o Programa Cidadán Canino Exemplar; isto é propietarios de cans donos e guías responsables en posesión da certificación que acredite que o can posúe a educación e o comportamento social adecuado para manter unha convivencia adecuada e ser membros fiables e educados no entorno familiar e das cidades onde habiten), poderán gozar do uso desas zonas sen limitación horaria, sendo requisitos adicionais os seguintes:

- a) A requirimento dun axente da autoridade deberase mostrar a acreditación sinalada no apartado anterior, constituíndo unha infracción leve a esta ordenanza non mostrala.*
- b) A comisión dunha infracción desta ordenanza ou da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, sancionada por resolución firme suporá a perda do dereito a gozar desta condición.*
- c) A falta dunha regulación específica na materia, serán válidos as certificacións dos programas de bo cidadán canino que cumpran os seguintes requisitos:*
 - 1) Estean deseñados de forma homoxénea e estandarizada.*
 - 2) Contén cun programa de auditoría e/ou control que garanten estes aspectos.*
 - 3) Que estean amparados por unha entidade e/ou asociación profesional de carácter autonómico, estatal e/ou internacional ou pola normativa sectorial.*
 - 4) Aos efectos de poder levar os cans ceibos polas áreas ou espazos previamente delimitados, as certificacións terán unha validez de 5 anos. Transcorrido o dito prazo, deberán renovarse co gallo de acreditar que se seguen a cumprir os mesmos requisitos.*

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente a modificación da actual dicción dos apartados k) e s) do apartado 1 do artigo 17 da Ordenanza, coa seguinte redacción:



ARTIGO 17

(...)

17.1

k) *Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou aos espazos públicos ou privados (agás naqueles lugares públicos onde devandito acceso estea autorizado de acordo co sinalado nesta ordenanza); así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, así como non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.*

(...)

s) *Non mostrar a acreditación sinalada no artigo 9.7 cando sexa requirida por un axente da autoridade.*

TERCEIRO.- Excluir esta modificación do Plan normativo do Concello por regular un aspecto parcial desta materia.

CUARTO.- Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. ”

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 10 A Favor

PP: 6 En contra

BNG: 3 En contra

PSdeG-PSOE: 2 A Favor

E para que conste e surta efectos, esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, en Narón, a 25 de abril de 2.025

V.e pr.



FERREIRO DIAZ, MARIAN
A Alcadesa-Presidenta
25/04/2025 10:24



DE PRADO FERNANDEZ
CANTELI, ALFONSO
O Secretario Xeral
25/04/2025 09:05